

## **ORDENANZA FISCAL NUMERO T19**

### **Taxa polo servizo de Mercado.**

#### ***Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.***

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20. 1 B) ambos os dous do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que refunde o texto da lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por prestación de servizos no Mercado Municipal de Abastos, que se rexirá pola presente Ordenanza.

#### ***Artigo 2º. Feito imponible.***

1. O feito imponible da taxa está constituído pola prestación dos servizos municipais de ordenación e vixilancia de instalacións e demais establecidos no Mercado Municipal e Praza de Abastos, que serán de recepción obrigatoria para os suxeitos pasivos.
2. Presúmese que existe utilización do servizo sempre que se produza instalación de posto de venda nos recintos do Mercado Municipal e Praza de Abastos.

#### ***Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.***

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire o artigo 2º desta Ordenanza, e concretamente:
  - a) Os titulares das respectivas licencias ou autorizacións municipais así como os usuarios dos bens e instalacións do Mercado de Abastos.
  - b) Os propietarios ou arrendatarios dos elementos colocados na vía pública ou bens de uso público.
  - c) As persoas ou entidades encargadas da colocación retirada ou vixilancia de ditos elementos.
2. Serán responsables da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:
  - a) Solidariamente as persoas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
  - b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.

#### ***Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.***

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

#### **Artigo 5º. Cota tributaria.**

1. A cota tributaria estará constituída polas cantidades fixas e tarifas establecidas nos apartados 2º e 3º deste artigo.
2. Os postos fixos do interior do Mercado Municipal de abastos aboarán a seguinte cantidade fixa ó mes: 36,70 euros.
3. Os postos eventuais do exterior do Mercado Municipal de Abastos aboarán por cada día de mercado de instalación a seguinte tarifa, cun máximo de 40m<sup>2</sup> de ocupación total (excepcionalmente poderá autorizarse unha ocupación superior previa solicitude do interesado, no suposto de que o vehículo que sirva de expositor ou almacén dos produtos teña unha superficie maior de 40m<sup>2</sup>) e non podendo ocuparse a superficie da praza de abastos con vehículos de tracción mecánica agás nos casos que sexan especificamente autorizados ou existan xa no momento de publicación da presente ordenanza: ata 2 m<sup>2</sup>. pagarán a cantidade fixa de 2,88 euros, e por cada m<sup>2</sup>. ou fracción máis pagarán 1,29 euros.
4. Os postos reservados a agricultores da zona a que se refire o artigo 25 da Ordenanza Reguladora do Servizo de Mercado e Praza de Abastos aboarán unha cota de 0,30€ por metro cadrado.

#### **Artigo 6º. Dereito á percepción.**

1. Terase dereito á percepción da taxa cando se inicie a prestación do servizo, previa a correspondente solicitude, ou desde que se utilice éste sen se obte-la previa licencia.
2. O período impositivo será mensual e o devengo anual, con prorrateo mensual nos supostos de alta e baixa da actividade. O pago realizarase o primeiro mércores de cada mes, extendéndose o período voluntario ata o último día de mes. O primeiro día do mes seguinte iniciarase o período executivo seguindo as previsións do Título III do Regulamento Xeral de Recadación e xerándose nese mesmo momento o recargo executivo do 5% .

#### **Artigo 7º. Normas de xestión.**

1. Toda persoa ou entidade que pretende beneficiarse directamente de servizos suxeitos a gravame deberá solicitar do Concello a oportuna licencia ou concesión.

Os documentos acreditativos da concesión, con carácter anual, dun posto no mercado de abasto incluirán no seu reverso a contía mensual da taxa polo período de concesión. O aboamento da mesma en período voluntario realizarase a través de entidade bancaria colaboradora e acreditarase mediante o cuño estampado en cada

recadro correspondente á mensuralidade aboada. O pagamento en periodo executivo realizarase nas oficinas municipais, debendo constar aboadas a totalidade das mensuralidades antes de fin de exercicio.

2. Os concesionarios de postos fixos virán obrigados a pagar trimestralmente o importe do dereito ou taxa correspondente antes do día dez do primeiro mes do trimestre.

#### **Artigo 8º.**

1. Os suxeitos pasivos de postos eventuais no exterior da mercado deben de dipsoñer da correspondente licenza. Non poderán comenazar o exercizo da súa actividade sen acreditar a posesión da autorización de venda e xustificar o pagamento das taxas devengadas anteriormente. Os vendedores deberán exhibir o documento de autorización de forma visible no posto instalado.
2. O feito de que por conveniencia dun ocupante non se abra o posto que teña adxudicado, non o exime do pagamento dos dereitos tarifados.
3. Ós concesionarios de postos fixos que por falta de pago da taxa correspondente se lle declare vacante o posto non se autorizará para ocupar ningún outro sen o previo pago do descuberto.

#### **Artigo 9º. Outras normas do servizo de mercadiño de postos eventuais dos mércores**

Intentando respectar a situación actual, o mercadiño instalárase no perímetro da Praza de Abastos, no fronte da rúa Doutor Moreda e nos entronques das rúas Ramón González e Reinante coa propia Praza de Abastos.

As tarxetas identificativas dos postos incluírán o nome e apelidos ou razón social do titular da autorización, DNI ou CIF, número de posto asignado e metros cadrados autorizados para o ano en curso, non puidendo ampliarse ou reducirse os mesmos durante o transcurso do ano natural, sen perxuízo da súa revisión con ocasión da renovación anual da licenza.

A autorización para o exercicio da venda non dará dereito a ou seu titular a realizar ningunha ocupación superficial, e so autoriza a estacionarse o tempo necesario para realizar as operacións ou transaccións propias da industria ou oficio obxecto da autorización. O vendedor ambulante non adquirirá de xeito algún dereito sobre o posto que en principio se lle asigne, xa que este non terá o carácter de permanente. As autorizacións entenderanse concedidas con carácter provisional e a precario, xa que logo poderán ser revogadas pola Alcaldía, cando se dean as circunstancias regulamentadas para elo, ou disporse dos terreos para eventos puntuais sen que iso dea orixe a indemnización ou compensación algunha.

Todos os postos serán desmontables e proporcionados polo propio vendedor. No caso de vehículo ou camión-tenda, contabilizarase a todos os efectos o espazo ocupado por todo o turismo.

A asignación da localización correspondente a cada autorización é competencia da Alcaldía.

Os postos deberán situarse no lugar indicado polo Concello. Baixo ningún concepto poderán ser colocados de xeito que interrompan o paso dos peóns, o acceso aos locais comerciais ou industriais, e oculten a súa entrada ou os seus escaparates ou exposicións.

A policía local realizará os servizos de vixilancia pola zona de mercado co obxecto de que se cumpran as normas establecidas.

#### ***Artigo 10º. Infraccións e defraudacións.***

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto Título IV da Lei Xeral Tributaria e elo sen prexuízo das que conforme ó Regulamento do Servicio se poidan impoñer en orde distinta á tributaria.

#### **Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2011 e publicado no BOP número 29 de data 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2009 e publicada no BOP número 17 de 22 de xaneiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada nos seus artigos 5.3, 6, 7 e 9 por acordo plenario de 21 de marzo de 2011 e publicada definitivamente no BOP 128 de 7 de xuño de 2011.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicado no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011